



XOVES

I+D+i

Estimados/as amigos/as:

Co obxectivo de **aumentar a competitividade das empresas galegas a través da formación en xestión da innovación**, a Axencia Galega de Innovación (GAIN) apoia o **curso de posgrao da Universidade da Coruña “Xestión Empresarial da Innovación”**.

Trátase dun curso de posgrao propio, organizado polo Departamento de Análise Económica e Administración de Empresas da Universidade da Coruña, a través da Cátedra Jean Monnet de Economía Industrial Europea, encamiñado a obter o título de **especialista universitario en xestión empresarial da innovación**.

O curso, que ten **aberto o prazo de preinscrición até o 10 de febreiro**, está dirixido a titulados en economía e empresa, persoal directivo e profesionais sen experiencia en xestión da I+D+i, estudantes de último ano de carreira, así como calquera persoa interesada en proxectos innovadores.

Os estudos estrutúranse en **dúas partes**, que poden cursarse de forma separada ou conxunta, segundo as necesidades formativas dos estudantes. O módulo 1 trata da **innovación na empresa**: investigación, desenvolvemento e márketing e, o modulo 2, sobre **xestión integral da empresa innovadora**. Ademais, conta cunha **formación práctica** dun mínimo de 100 días en empresas innovadoras e centros de investigación, tecnoloxía ou transferencia.

O inicio do curso está previsto para o vindeiro mes de febreiro e o remate, en xullo, cun horario que pretende ser compatible coa actividade profesional e académica. Poden acceder á información completa do curso a través desta **web**.

Agardamos que esta información sexa do teu interese e despedímonos até o vindeiro xoves!



Se non desexa recibir este boletín, pode vostede darse de baixa pinchando [aquí](#) . Para calquera dúbida ou consulta, pode escribir un correo a informa.gain@xunta.es.